

RESOLUCIÓN do 8 de novembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se convoca a selección de centros para participar no programa Atrévete do Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia Eduemprende durante o curso 2021/22.

Para o obxecto de dar continuidade aos programas do Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia Eduemprende para o curso 2021/22,

DISPOÑO:

Primeiro. Que no portal de Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (<http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-atrevete-2021-2022>) estará dispoñible a convocatoria de selección de centros para participar no programa Atrévete do Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia Eduemprende durante o curso 2021/22.

Segundo. Que o prazo para presentación de solicitudes será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao de publicación da convocatoria no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-atrevete-2021-2022>).

Terceiro. Que os centros deberán presentar a solicitude que figura no Anexo I da convocatoria xunto coa documentación do proxecto e dirixilo á solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2021

José Luis Mira Lema
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

